

CANDO AMENCE

Todo sucede nesa hora pálida que sente o poeta:

«Las estrellas, cual sueños, se borran...

Sólo brilla, magnífica, una; es el astro del alba. La luna, ya descende, durmiéndose, al mar...»

Achégase, blandamente, a alba. Treme o crepúsculo, alzando con lentitude as pálpebras na sombra. Os paxaros avizorantes, velan... Lonxano, polas copas mouras dos piñeiros, restalla seco o grallar dos corvos. Máis próximo, o frautín de prata dun merlo entona, melancólico, unha canción con matices de orballo. E como en Primaveira, cando un rechouchío salta, outro responde, sona idéntica melodía nun loureiro próximo.

O espírito, temén alerta, preso ó velo a alba, voa. Evoca amenceres lonxanos na cidade natal. Falan dun fogar, -canción de berce-, situado na altura. No seu fronte, ó fondo, fundido no seu leito, Ourense estírase lánguidamente. Véxoo, como antaño, recostado contra o outeiro verde e piñeiroso de Montealegre, na amencida calmosa dos seus días claros. No cume, na mesma cima, álzase, entre grosos penedos unha branca cruz. Ó par da loma, unha acrópolis; resalta lenemente a craridade do cemiterio, que a alba alumea. Descendendo, na cidade, rúas e prazas parecen aínda agrisadas, inconscientes, dormidas. Apenas si o ruído dun motor ou un escape interrompe o silencio.

A luz avanza. Clarexando, destácase a Alameda, branca e verde, cos seus bancos solitarios. Máis alá, o xardín, O Posío, enverxado, repousando na súa área, dormitando no bosque, cerrado de acacias. Un motor trepita pola Ponte da Burga. Baixo éste, por entre xardinciños e parterres, comezan a evolucionar figuras ata a Praza de Abastos... Liñas de carreteiras branquexan polas beiras, cruzándose os vales. Polo oeste, o trazo pizarroso do Miño, descorre sinuoso. Sobre el, vibra, rápido, o estridente pitido dun mercancías.

Polo oriente, sobre as lomas, asoma un doce rumor. Soan as campás, as da Catedral, que ergue as súas torres por en medio das manchas de tellados e fachadas. Cantan a «Prima», animosas, vibrantes, sonoras, enchendo de ecos o amanecer, sacudindo o cendal pálido, transparente, que se cingue sobre o centro da cidade. Máis lonxe, logo máis preto, soan outras. Contentamento do espacio. Espertar alegre da voz dos bronce.

Entón, mil ecos de vida irrompen no ambiente. Un rumor elévase, paseniñamente, como unha pequena marea. Ourense esperta do seu letargo. Álzase, axítase, móvese...

É agora ese momento no que o ceo, vivo roibén desprega por completo as súas galas luminosas. Unha luz estrana viste de fermosura a capital, danza nas torres e descansa nos tellados, na pedra gris das prazas e na área dos xardíns; deslízase polos vales, de curvas sen

presa; polas viñas verdecidas... Unha luz sorprendente, clara e poética, ruborosa e amable. É este instante glorioso que o poeta canta, como remate do seu admirable poema:

«El oriente se incendia en colores,
los colores en vivida lumbre,
y por cima del áspera cumbre,
sale el disco, inflamado, del sol...»